



12 lúas

<http://12luas.blogspot.com>

Satélite Lueiro: 2º andar

## I Evento Internacional de Arte, Redes Sociais e Web 2.0

A iniciativa do segundo ano do proxecto cultural 12 lúas é poñer a andar a tódolas artes e artistas pola rede. Para isto invitámovos a [tod@s](mailto:12luas@gmail.com) a este gran evento da web 2.0.

1. Requisitos para participar no 1º Evento Internacional de Arte, Redes Sociais e Web 2.0
  - 1.1 Ter un blog (blogspot, wordpress, etc) na que @ artista amosará os seus traballos.
  - 1.2 Estar nalgunha das redes sociais (Facebook, Tuenti, hi5, etc) na que impulsará os seus traballos como medio de expresión.
  - 1.3 Dependendo cal sexa o seu medio de expresión deberá figurar en algunha das seguintes plataformas: Youtube ou Vimeo no caso do audiovisual. Para aqueles traballos de expresión escrita: Scribd ou Issuu. Ou Flickr tanto na expresión plástica ou no campo fotográfico.
  - 1.4 Tódolos traballos deben estar rexidos polas Licencias Creative Commons.
2. Unha vez cumpridos os requisitos deberase mandar a este mail: [12luas@gmail.com](mailto:12luas@gmail.com) os links correspondentes para a súa comprobación.
3. Unha vez comprobados mandaráselle un mail @ artista co logo do evento para que o colgue nas respectivas plataformas e publicarse no blog de 12 lúas <http://12luas.blogspot.com>
4. Aquel que teña máis comentarios feitos por usuarios únicos será publicado en tódalas nosas redes xunto coa súa obra.
5. A data límite para participar é o 4 de outubro de 2009.

A intención de este proxecto é amosar as capacidades expositivas e promocionais da rede en canto á comunidade. Esperamos a vosa participación.